



AUTOINFORME DE RENOVACIÓN DE LA ACREDITACIÓN

**Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na
Natureza**

Curso Académico: Curso 2018-2019

■ 1.- DATOS DEL TITULO

■ 2.-CUMPLIMIENTO DEL PROYECTO ESTABLECIDO

■ DIMENSIÓN 1. LA GESTIÓN DEL TÍTULO

■ CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN Y DESARROLLO

■ CRITERIO 2. INFORMACIÓN Y TRANSPARENCIA

■ CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDAD

■ DIMENSIÓN 2. RECURSOS

■ CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS

■ CRITERIO 5. RECURSOS MATERIALES Y SERVICIOS

■ DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

■ CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAJE

■ CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN Y RENDIMIENTO

■ 3.-MODIFICACIONES DEL PLAN DE ESTUDIOS

■ 4.-PLAN DE MEJORAS

■ Abiertas Curso 2018-2019

■ AM-1

■ AM-2

■ AM-3

■ AM-4

■ AM-5

■ AM-6

■ AM-1

■ Finalizadas Curso 2018-2019

■ Anexo: LISTA DE EVIDENCIAS E INDICADORES

<u>1.DATOS DEL TÍTULO</u>	
Denominación del título	Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza
Menciones/Especialidades	Non aplica
Universidad responsable administrativa	Universidad de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	Non aplica
Centro responsable	Facultade de Formación do Profesorado
Centro/s donde se imparte	Facultade de Formación do Profesorado
Rama de conocimiento	Ciencias Sociais e Xurídicas
Número de créditos	60 ECTS
Profesión regulada	Non
Modalidad de impartición	Presencial
Curso de implantación	2010/2011
Fecha acreditación ex ante (verificación)	30/06/2010
Fecha renovación acreditación	20/07/2016

DIMENSIÓN 1. LA GESTIÓN DEL TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN Y DESARROLLO:

Estándar: El programa formativo está actualizado y se ha implantado de acuerdo a las condiciones establecidas en la memoria verificada.

Analizar y valorar si el desarrollo del plan de estudios se ha realizado conforme a la memoria verificada y no se han producido incidencias graves, lo que ha permitido una correcta adquisición de las competencias por parte de los estudiantes.

1.1.- El título mantiene el interés académico y está actualizado según los requisitos de la disciplina, avances tecnológicos y científicos, necesidades socioeconómicas y requisitos de la profesión.

Aspectos a valorar:

- El perfil formativo/egreso del título mantiene su relevancia y está actualizado según los requisitos de su ámbito académico, científico y profesional y, en su caso, según las necesidades y requisitos de la profesión regulada.

Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:

Conforme xa se indicaba o curso pasado, o máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza é un título oficial que reúne as temáticas de educación ao aire libre, educación ambiental, literatura e arte en relación coa natureza, deseño e organización de itinerarios e excursións, arquitectura rural e paisaxe, deporte e actividades escolares nas contornas rurais e bosques, exercitando aos estudantes no desenvolvemento de capacidades para a xestión, organización e dirección de grupos e institucións en relación coa educación no medio natural.

O aire libre e a educación en contornas naturais está cobrando cada vez máis importancia non so na educación non formal, senón tamén no ámbito escolar. A conveniencia do título está moi xustificada nun contexto de forte crecemento da educación ao aire libre. Cada vez son mais as escolas que fan parte da súa actividade formativa en contornas naturais, e nos derradeiros vinte e cinco anos xurdiu un movemento educativo vigoroso que torna á natureza como un escenario esencial da educación, como amosan os estudos, entre outros, do profesor da Universidade de Edimburgo e asesor da UNESCO, Peter Higgins

http://www.docs.hss.ed.ac.uk/education/outdoored/higgins_why_indoors.pdf] ou Anders Szczepanski http://www.mgu.ac.jp/main/educations/library/publication/pre_hattatsu/no10/hatsurin_13.pdf], profesor da Universidade de Linköping (Suecia). Incluso o seu desenvolvemento produciu un intenso debate parlamentario en Escocia o 10 de decembro de 2013, porque varios educadores escoceses presentaron un informe pedindo que a natureza se establecera como o eixo de todas as actividades do curriculum escolar, xa que defendían que o aire libre era un lugar máis efectivo para aprender. <http://www.parliament.scot/parliamentarybusiness/report.aspx?r=8783&mode=pdf>. Este incremento da natureza como espazo educador ten como corolario títulos específicos de grao e posgrao que, como este máster, se imparten noutros países como o máster Outdoor Education da Universidade de Gales [<https://uwtsd.ac.uk/ma-outdoor-education/>], o grao en Adventure and Outdoor Education da Universidade de Humak (Finlandia) <https://www.humak.fi/en/bachelor-of-humanities-adventure-and-outdoor-education/>], ou Master Outdoor Adventure&Expedition Leadership da Southern University de Oregón <https://sou.edu/academics/outdoor-adventure-leadership/programs/master-outdoor-adventure-expedition-leadership/>]. A Trobe University de Australia mantén títulos de grao e de posgrao arredor da potencialidade educadora da natureza <https://www.latrobe.edu.au/courses/outdoor-education>] que teñen moita incidencia nos grupos de traballo internacionais arredor do aire libre.

Novas correntes pedagóxicas como a representada polo Waldkindergarten en Alemaña <https://bvnw.de/>] ou o Forest Kindergarten nos Estados Unidos <https://mamookids.com/blogs/journal/the-ultimate-guide-to-forest-nature-schools-in-the-us>], xuntase a outros de máis amplo contido como o Cedarson Nature School[<https://cedarsonnatureschool.org/>] ou o The English Outdoor Council <https://www.englishoutdoorcouncil.org/>] ou o Outdoor Education Australia <https://outdooreducationaustralia.org.au/>]. En España existen aínda poucas iniciativas federativas, destacando a asociación EDNA, <https://asociacionedna.wordpress.com/>] un espazo de encontro, intercambio de experiencias e consolidación de proxectos educativos na natureza, que agrupa ás escolas do bosque e as iniciativas máis anovadoras que se están desenvolvendo actualmente no noso ámbito, con coñecidas achegas galegas como é o caso de Amadahi ou Nenea. Tamén é salientable en Galicia o programa “Camiño sen Límites” que promove a Confederación de ANPAS Galegas. O máster colabora con todas estas últimas iniciativas que se implican na formación dos estudantes do máster.

O título mantén o seu interese, porén no curso 2018-2019 houbo unha baixa da matrícula (15 estudantes) do que so unha era estranxeira, cuestión que no curso actual 2019-2020 foi resolta, xa que se cubriron as 25 prazas, das que cinco foron cubertas con estudantes estranxeiros extracomunitarios. Un dos puntos fortes do máster para a súa continuidade é a matrícula que ten o título no contexto do Campus Terra cunha baixada forte do alumnado no seu conxunto. É unha titulación única en España. Non existe ningunha outra universidade no sur de Europa un posgrao cun perfil como o máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza do Campus de Lugo. O que non quere dicir que non sexa frecuente noutros países como Estados Unidos e Australia, os países nórdicos, Reino Unido ou Alemaña, pero é infrecuente noutras rexións xeopolíticas polo que ten unha importancia estratéxica para o Campus Terra, a USC e para o sistema universitario galego.

Desde outubro de 2011 ata setembro de 2019 cursaron o máster 166 estudantes, dos que ata ese momento remataron os seus estudos 136.

Curso	Estudantes de nova matrícula	Estudantes que defenderon o TFM	Estudantes que remataron
2011-2012	29	23	23
2012-2013	28	19	19
2013-2014	15	12	12
2014-2015	-	3	3
2015-2016	28	26	26
2016-2017	27	18	16
2017-2018	24	28	27
2018-2019	15	11	10
TOTAL	166	140	136 (81,93%)

A liña de interese polo máster mantense nun nivel sostible, e a admisión reduciuse a 25 estudantes no curso 2017-2018, conforme se establece na Memoria do título. A evolución da primeira matrícula é normal e foi ascendente, ata este curso de 2018-2019, pero volveuse a recuperar no curso 2019-20, no que se cubriron todas as prazas.

Estudantes de primeira matrícula							
	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
Total	28	15	-	28	27	24	15

Lémbrese que o título non se impartiu no curso 2014-2015. No perfil dos estudantes se pasou da hexemonía do título de diplomatura, o 96,4%, no curso 2013-2014 ao curso 2018-19, no que é título de grao é xa o único que se exhibe. O caudal fundamental dos estudantes segue estando nos títulos de educación, fundamentalmente mestres graduados en Educación Primaria ou Infantil. A nota media de acceso por preinscrición sigue estando por enriba de sete puntos:

Nota media de acceso por preinscrición				
	2015-16	2016-17	2017-18	2018-2019
Total	7,89	7,60	7,56	7,79

Este ano os estudantes baixaron en número, e tan so se cubriron 15 das 25 prazas (60%). Unha situación que non se producía desde o curso 2013-14. Houbo algo menos de captación de estudantes estranxeiros 1 (4%), así como unha soa estudante de fora da comunidade autónoma. En relación a estudantes que proveñen da USC a porcentaxe é a seguinte:

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-2019
Total (%) Estudantes da USC	80,56	54,84	65,79	86,66%

En relación coas titulacións de entrada, segue a ser maioritario o título de mestra/e (66,66%). E neste curso volveu a ser moi maioritaria o numero de estudantes da USC, conforme o seguinte cadro:

Titulación de entrada curso 2018-2019					
Título	Campus de Lugo	Campus de Stgo	Outras universi	Estranx	Total
Marketing				1 (6,66%)	1 (6,66%)
ADE	1 (6,66%)				1 (6,66%)
C. da Cul e DC	1 (6,66%)				1 (6,66%)
Ed Social		2 (13,33%)			2 (13,33%)
Mestre/a EP	4 (26,66%)		1 (6,66%)		5 (33,33%)
Mestre/a EI	4 (26,66%)	1 (6,66%)			5(33,33%)
Total	10 (66,66%)	3 (20%)	1 (6,66%)	1 (6,66%)	15 (99,97%)

Porén considérase esta unha situación excepcional, que amosa a necesidade de facer unha maior publicidade institucional do máster en posteriores edicións.

En relación cos programas de intercambio se salienta que o máster é anual polo que non ten posibilidade de intercambio de estudantes con programas Erasmus, aínda que existe un acordo coa universidade de Marburg (Alemaña) que permite intercambio de profesorado para o máster.

A nova materia optativa "Aprendizaxe experiencial en contornas singulares" está permitindo darlle unha maior visibilidade ao máster nun contexto internacional, polo encontro anual que os estudantes e profesores deste máster manteñen con estudantes e profesores da Universidade de Cumbria (Reino Unido) en Potes (Cantabria) que permitiu desenvolver a docencia práctica en contornas naturais dos Picos de Europa. Neste curso a expedición estivo composta por catro profesores e seis estudantes.

A permanencia do máster na EOE (*European Institute for Outdoor Adventure Education and Experiential Learning*), con sede

na Universidade de Marburg (Alemaña) levou este ano a dous profesores, Salvador Cidrás Robles e Vicente Blanco Mosquera, a asistir a súa conferencia anual, celebrada en Cšod (Eslovenia) entre o 19 e 23 de setembro de 2018, baixo o título *The Mediation of Experiences by Technology in the Outdoors Opening or Losing Connections with the World*. Estes profesores presentaron un relatorio titulado "Using Creative Aesthetic Technologies to Connect with the Outdoor through the Senses", en relación con actividades que os estudantes do máster desenvolven no estudo da recuperación do Barrio do Carme de Lugo. En 2019, ambos profesores volveron ao congreso desta sociedade europea, que se celebrou no Institute of Technology Tralee (Irlanda) entre o 25 e o 27 de setembro de 2019.

1.2.- El plan de estudios se ha desarrollado siguiendo la oferta de módulos, materias y asignaturas previstas en la memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- La oferta de módulos, materias y asignaturas se corresponde con lo establecido en la memoria de verificación y, si es el caso, en las sucesivas modificaciones.
- El desarrollo de las actividades académicas, metodologías docentes, sistemas de evaluación y calificación, se corresponden con lo establecido en la memoria de verificación y permite la consecución de las competencias. El tamaño de los grupos es adecuado a las actividades formativas.
- En su caso, el curso de adaptación cumple su función en cuanto a la adquisición de competencias y conocimientos, por parte de los estudiantes que los cursen y se adecúa a lo establecido en la memoria de verificación del título.
- Participación del alumnado en programas de movilidad.

Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:

O título funciona cunha estrutura modular e cada módulo ten unha coordinadora ou coordinador que é membro da Comisión de Título. Os coordinadores de módulo convocan reunións de preparación para o deseño do traballo interdisciplinar de módulo, e tamén coordinan as sesións de avaliación que se realizan despois da presentación do traballo interdisciplinar. Tamén son quen de atender en titoría calquera dúbida ou orientación que necesiten os estudantes sobre as aprendizaxes e o desenvolvemento do traballo interdisciplinar. Porén esta forma de traballo ten dificultades que motivaron varias reunións de profesorado co fin de axustar os requisitos que se solicitan nos traballos ás competencias do título. O desenvolvemento das actividades académicas se cumpre conforme o deseño anual que se fai no plano de estudos. O grupo único está fixado en 25 estudantes, que permite o seu manexo razoable para saídas a contornas naturais e visitas

O nivel de satisfacción global dos egresados, como se fai notar xa no último informe de avaliación do título, é un dos puntos sobre o que este master ten que reflexionar. Porén os datos ofrecidos pola táboa indican que a satisfacción dos egresados mellorou amplamente na última consulta, na que as medias do título, tanto na satisfacción pola formación teórica como práctica, superan ás medias da USC

Indica o teu grao de satisfacción coa formación recibida na titulación:

	Curso 14/15		Curso 15/16		Curso 16/17		Curso 17/18		Curso 18/19	
	Media título	Media USC	Media título	Media USC	Media título	Media USC	Media título	Media USC	Media título	Media USC
Formación Teórica	-	3,11	-	3,21	3,13	3,35	1,67	3,43	3,40	3,23
Formación Práctica	-	2,82	-	2,85	2,38	3,09	1,33	3,12	3,60	3,09

Contrasta a satisfacción global coa baixa valoración da adquisición de competencias que posiblemente responde a algunhas queixas que tamén son visibles no informe que se lles solicitou ao final da fase teórica por parte da Comisión, que resulta especialmente chamativa, no eido da creatividade e da expresión escrita.

Valora o grao en que a titulación contribuíu a que adquiriras ou potenciaras os seguintes aspectos da túa formación:

	Curso 14/15		Curso 15/16		Curso 16/17		Curso 17/18		Curso 18/19	
	Media título	Media USC	Media título	Media USC	Media título	Media USC	Media título	Media USC	Media título	Media USC
Capacidade para a aprendizaxe autónoma	-	3,41	-	3,50	3,50	3,57	2,00	3,78	3,20	3,60
Pensamento crítico	-	3,40	-	3,36	3,25	3,52	2,00	3,41	3,20	3,41
Capacidade de comunicación oral/escrita	-	3,32	-	3,41	3,25	3,52	2,33	3,60	2,80	3,45
Capacidade de traballo en equipo	-	3,18	-	3,42	3,13	3,47	2,33	3,64	3,00	3,49
Capacidade de análise	-	3,26	-	3,32	3,38	3,48	1,67	3,48	3,00	3,33
Capacidade de transmitir información, ideas, problemas e solucións dentro do meu ámbito de estudo	-	3,24	-	3,35	3,13	3,50	1,33	3,46	3,20	3,36
Capacidade para aplicar os coñecementos adquiridos e resolver problemas dun xeito creativo ou orixinal dentro do meu ámbito de estudo	-	2,99	-	3,14	3,00	3,27	1,33	3,24	2,60	3,14

Finalmente, en relación cos egresados, cabe salientar o alto grao de satisfacción que amosan coas prácticas externas, moi salientable na última consulta efectuada, na que a puntaxe é superior a media da USC.

	Curso 14/15		Curso 15/16		Curso 16/17		Curso 17/18		Curso 18/19	
	Media título	Media USC	Media título	Media USC	Media título	Media USC	Media título	Media USC	Media título	Media USC
Se realizaches prácticas externas durante a titulación, indica en que grao consideras que completaron a túa formación	-	3,71	-	3,45	3,38	3,57	3,33	3,84	4,40	3,75

Nos indicadores de satisfacción global coa titulación e o centro, se amosa tamén unha puntuación mellor dos egresados na última consulta con puntaxes superiores á media da USC, tanto en que a formación recibida cumpriu as expectativas, o grao de satisfacción do profesorado, como a información recibida na xornada de acollida, quedando lixeiramente por debaixo da media da USC o indicador referido ao calendario académico, que se explica por algúns cambios que foi preciso facer no horario de clases.

	Curso 14/15		Curso 15/16		Curso 16/17		Curso 17/18		Curso 18/19	
	Media título	Media USC	Media título	Media USC	Media título	Media USC	Media título	Media USC	Media título	Media USC
Indica o grao en que a formación recibida na titulación cumpriu as expectativas creadas antes de comezala	-	2,88	-	2,88	2,63	3,15	1,33	3,12	3,00	2,95

Escala de valoración desde 1(Nada) ata 5(Moito)

	Curso 14/15		Curso 15/16		Curso 16/17		Curso 17/18		Curso 18/19	
	Media título	Media USC	Media título	Media USC	Media título	Media USC	Media título	Media USC	Media título	Media USC
Indica o grao de satisfacción global co profesorado da titulación	-	3,14	-	3,19	3,00	3,28	1,67	3,30	3,40	3,24

Escala de valoración desde 1(Nada) ata 5(Moito)

	Curso 14/15		Curso 15/16		Curso 16/17		Curso 17/18		Curso 18/19	
	Media título	Media USC	Media título	Media USC	Media título	Media USC	Media título	Media USC	Media título	Media USC
Indica a túa satisfacción coa adecuación dos horarios, o calendario académico e de exames e a organización académica en xeral co título	-	3,00	-	3,01	2,00	3,26	1,67	3,20	3,00	3,12

Escala de valoración desde 1(Nada) ata 5(Moito)

	Curso 14/15		Curso 15/16		Curso 16/17		Curso 17/18		Curso 18/19	
	Media título	Media USC	Media título	Media USC	Media título	Media USC	Media título	Media USC	Media título	Media USC
Valora a información e apoio recibidos nas actividades de acollida e presentación realizadas polo centro/título	-	3,00	-	3,18	2,75	3,23	2,33	3,10	3,20	3,03

A satisfacción polas infaestruras e material dispoñible é algo inferior a media universitaria, aínda que neste último curso mellorou para situarse nunha posición media, quizais porque os recursos dispoñibles aumentaron co material de campaña e escalada que foi adquirido.

1.3.- El título cuenta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar si el desarrollo del plan de estudios posibilita la adquisición de las competencias por parte de los estudiantes y, en su caso, se establecen las acciones de mejora oportunas.

Aspectos a valorar:

- La coordinación horizontal y vertical entre las diferentes materias-asignaturas del plan de estudios evita vacíos y duplicidades.
- En el caso de que el título se imparta en varios centros de la Universidad o sea interuniversitario, se analizará el funcionamiento de los mecanismos de coordinación entre todos los centros/Universidades que imparten el plan de estudios.
- En el caso de que existan prácticas externas, se valorará si los mecanismos de coordinación permiten a los estudiantes alcanzar las competencias asociadas a dichas prácticas.
- En el caso de que el título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) se valorará la coordinación docente entre las modalidades, con el fin de que los estudiantes puedan alcanzar las mismas competencias con independencia de la modalidad cursada.

Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:

A coordinación entre o profesorado fai que non existan problemas de duplicidade nos contidos impartidos. Non se rexistran queixas por estes motivos. A estrutura modular e as reunións do profesorado evitan as duplicidades e favorecen a coordinación.

Curso 2018-2019. Titores e materias	
Módulo 1 Valores educativos da natureza e da paisaxe. Coordinadora: Dra. Dna. Beatriz Fernández Herrero	Créditos ECTS
Materia 1.1. A natureza como medio educador.	3
Materia 1.2. Ética e natureza.	3
Materia 1.3. Historia ambiental.	3
Módulo 2. Naturaleza e arte. Coordinadora: Dra. Dna. Isabel Fernández López	
Materia 2.1. Música e natureza.	3
Materia 2.2. As artes plásticas e a natureza.	3
Materia 2.3. Literatura e Natureza	3
Módulo 3. Os elementos do medio natural Coordinador: Dr. D. Manuel Antonio Rodríguez Guitián	
Materia 3.1. Ecosistema e biodiversidade.	3
Materia 3.2. Coñecemento xeográfico do medio natural.	3
Materia 3.3. Natureza, paisaxe e arquitectura rural.	3
Módulo 4. Dirección de grupos e xestión de recursos Coordinador: Dr. D. Jacobo Feás Vázquez	
Materia 4.1 Dirección de grupos e resolución de conflitos.	3
Materia 4.2. Equipamentos e organización de actividades.	3
Materia 4.3. Lexislación e xestión económica.	3
Módulo 5. Actividades educativas na natureza Coordinador: Dr. D. Rubén Navarro Patón	
Materia 5.1. Bases e recursos para o desenvolvemento da Educación Ambiental.	3
Materia 5.2. Deseño e organización de actividades motrices ao aire libre.	3
Materia 5.3. O excursionismo e a vida ao aire libre: fundamentos e modelos.	3
5.4.1. Recursos para actividades motrices para persoas con diversidade funcional. 5.4.2.- Recursos para actividades de Ciencias da Vida e a Terra con escolares. (Optativas, a elixir unha delas). 5.4.3. Aprendizaxe experiencial en contornas singulares	3
Módulo 6. Prácticum e Traballo Fin de Máster	
Materia 6.1. Prácticum. Coordinador Prácticum: Dr. D. Joaquín Lago Ballesteros	6
Materia 6.2. Traballo Fin de Máster. Coordinador TFM: Dr. D. Rubén Navarro Patón	6

Nos módulos 1, 3, e 5 os estudantes elaboran un traballo conxunto que desenvolve as competencias das materias que o compoñen. O traballo de módulo é deseñado polo seu profesorado, e acordouse que tivera un valor da cualificación do 60%, sendo o resto da cualificación da responsabilidade de cada materia. Nos módulos 2 e 5 se fan actividades tendentes á promoción de habilidades de traballo en equipo. No módulo 5 dúas materias levan conxuntamente a avaliación das actividades. A coordinación modular e o traballo interdisciplinar permiten unha mellor aprendizaxe e interrelación entre os coñecementos, habilidades e desenvolvemento de capacidades dos estudantes. Así, no primeiro módulo, o traballo, tenta establecer relacións entre aspectos históricos, éticos e pedagóxicos en relación cun espazo ou con un feito ou actividade que teña unha dimensión educativa en relación coa natureza. Mentres no módulo 3, o traballo se centra nun espazo natural protexido. No módulo 5, a

idea é que os estudantes sexan capaces de desenvolver un proxecto empresarial ou asociativo, tendo en conta as súas capacidades directivas, coñecementos dos equipamentos necesarios e habilidades de emprendemento.

En relación cos mecanismos de coordinación das prácticas externas dispónse de convenios con institucións colaboradoras escollidas especificamente por prestar servicios profesionais vencellados directamente aos ámbitos característicos da titulación (actualmente existen 49 convenios activos). Estes convenios renóvanse por vontade expresa das partes cunha periodicidade de catro anos. Ao comezo do curso académico o alumnado recibe un listado dos centros de prácticas dispoñibles xunto con información relativa aos correspondentes proxectos de prácticas levados a cabo neles en cursos pasados (esta información actualízase cada ano). Emprázase ao alumnado a que transmita as súas preferencias como destino de prácticas e, unha vez recibida esta información, contáctase cos centros de que se trate para confirmar que a súa axenda de actividade asegura a viabilidade de recibir ao alumnado, aproveitando este contacto para remitir a guía docente do Practicum, de forma que nos centros de prácticas se teña constancia das finalidades da materia e das competencias que o alumnado debe acadar. Tras recibir confirmación, facilítase unha primeira reunión no centro de prácticas entre os/as respectivos/as alumnos/as e titores/as, para acordar un plan de prácticas que satisfaga tanto as necesidades do centro colaborador como as expectativas do/a alumno/a e, mediante a supervisión por parte da Coordinación de Practicum, asegúrase tamén que o plan posibilita a consecución das competencias procuradas. Este plan de prácticas é asinado polas tres partes implicadas (alumno/a, titor/a no centro colaborador e supervisor/a dende a Facultade). Durante a estadía nos centros o/a supervisor/a dende a Facultade realizada o seguimento do plan de prácticas contactando cos centros e visitándoos se é preciso, e facilita tamén o documento de avaliación da estadía no centro. Ademais atende ao alumnado de xeito presencial ou a distancia naqueles asuntos que o requiran. Ao remate das prácticas o/a supervisor/a de prácticas recibe a avaliación dende os centros e a memoria de prácticas que o alumnado debe entregar, procedendo á súa avaliación centrada na consecución das competencias perseguidas. No curso 2018-2019 a distribución dos estudantes foi a seguinte:

INSTITUCIONES COLABORADORAS QUE RECIBIERON ALUMNADO EN PRÁCTICAS EN EL CURSO 2018-19	
<i>Nombre de la entidad</i>	<i>Alumnado recibido</i>
ADEGA	1
ASOCIACIÓN AMADAHÍ EDUCACIÓN CREATIVA	1
ASOCIACIÓN GALEGA DE CUSTODIA DO TERRITORIO	2
ASOCIACIÓN NENEA	1
ASOCIACIÓN VAGALUME ENXEBRE	1
AVIFAUNA	2
COGAMI LUGO	2
CONCELLO DE BARALLA	1
MARCELLE NATUREZA S.L.	2
SEMENTE LUGO	1

1.4. Los criterios de admisión aplicados permiten que los estudiantes admitidos tengan el perfil de ingreso adecuado para iniciar estos estudios.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre el perfil de ingreso establecido en la memoria verificada y el perfil real del estudiantado matriculado en el título.
- En su caso, los complementos de formación cumplen su función en cuanto a la nivelación y adquisición de competencias y conocimientos por parte de los estudiantes que los cursen.

Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:

O caudal máis importante de titulados corresponde ao ámbito da educación, especialmente mestres/as de educación infantil e primaria. O título non está pechado a outras titulacións, porque existen persoas con outras titulacións que teñen ampla experiencia e formación na educación ao aire libre, especialmente no eido da educación non formal. Nótase como un elemento necesario de mellora, potenciar a presenza de titulados en pedagogía ou educación social. No curso 2018-2019, dos 15 estudantes matriculados, 12 proviñan de títulos de educación (80%), en comparación co curso anterior é proporcionalmente máis forte esta diversidade de títulos xa que no curso 2017-2018, so un estudante non tiña titulación en educación, o que

supoñía que os titulados en educación chegaban a un 96%. Tamén que mentres so un dos estudantes do curso 2017-2018 tiña o título de Educación Social (4%), neste curso con 2 estudantes en Educación Social, o que porcentualmente supón o 13%.

En conxunto a evolución das titulacións de ingreso non vinculadas a educación é a seguinte:

Ano	Titulación vinculada	Titulación non vinculada	Total
2015-2016	26	2 (7,14%)	28
2016-2017	25	2 (7,40%)	27
2017-2018	23	1 (4,16%)	24
2018-2019	12	3 (20,00%)	15

Na memoria de verificación non se excluíu ningún título porque a educación non formal e a natureza como espazo educador soe ter interese para moitos estudantes que fan actividade de voluntariado ambiental ou posúen os títulos de monitor ou director de tempo libre e teñen experiencia non profesional en asociacións relacionadas, ou son responsables de equipamentos na natureza que posúen relación co master. Porén o caudal principal do máster son titulados en educación, aínda que se nota ultimamente unha maior diversidade de títulos de ingreso, máis visible no curso 2019-20. A presenza de estudantes doutras titulacións, aínda que sexa minoritaria enriquece a formación dos estudantes pola diversidade de perfís que se xuntan en cada promoción.

1.5.- La aplicación de las diferentes normativas contribuye a la eficiencia en los resultados del título.

Aspectos a valorar:

- La aplicación de las distintas normativas (normativa de permanencia, los sistemas de transferencia y reconocimiento de créditos, así como otras relacionadas con la evaluación, trabajos fin de grado/máster, prácticas externas, ...) se desarrollan según lo establecido en ellas, teniendo en cuenta las competencias previamente adquiridas por el estudiante y las competencias a adquirir en el título. Impacto de las mismas en los resultados.

Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:

Máis que incidir en normativas xerais, importa salientar os acordos internos entre o profesorado, que mediante as súas reunións vai establecendo protocolos de traballo que optimizan os procesos de formación. A Comisión do Título estableceu que a lo menos o profesorado fixera dúas reunións anuais para analizar a marcha do máster. É importante salientar a reunión celebrada o día 7 de maio de 2019, no que despois do debate da avaliación que facían os estudantes do máster, indicando ao que o seu xuízo eran os puntos fortes e máis débiles do máster, se tomaron os seguintes acordos:

- 1º) No mes de xuño cada coordinador/a de módulo reunirá ao seu profesorado co que establecerá un plan de actividade docente conxunta para o vindeiro curso.
- 2º) O 2 de xullo se reunirán os coordinadores de modulo e establecerán un plan de traballo que incluírá un calendario de actividades de avaliación que permita distribuír axeitadamente a traballo ao longo dos semestres.
- 3º) Se usará a páxina virtual de coordinación para dar información xeral sobre o máster. Especialmente nesa páxina haberá un documento que permita aos estudantes ter instrucións de como se organiza unha saída ao aire libre.
- 4º) Visibilizar a carga de traballo que ten cada materia, dándolle un valor a cada actividade.
- 5º) Reunión en setembro do profesorado para estudar a situación do máster a principio do curso.
- 6º) Reunión en decembro do profesorado do máster para avaliar o resultado do primeiro cuadrimestre.
- 7º) Formación de grupos. Deixar tempo para a formación de grupos. Os grupos poden variar de composición en cada módulo. Os estudantes con dispensa de escolaridade poderán traballar individualmente.
- 8º) Os estudantes con dispensa de escolaridade están obrigados a asistir ás actividades prácticas e sesións interactivas, conforme dispón a normativa da USC.

A segunda reunión está xa feita en relación co curso 2019-2020, celebrouse o 18 de decembro de 2019, examinando as razóns dalgunha insatisfacción en relación cos problemas de constitución dos grupos. Toda esta dinámica se desencadena pola valoración cualitativa que lle pedimos ás estudantes do máster na reunión do 7 de maio.

O máster ten un protocolo de solicitude de TFM, así como unha rúbrica para aprobalo pola comisión. Tamén usa unha rúbrica para a cualificación do TFM que xa se usa no curso 2019-2020.



Lista de Control de avaliación das propostas de proxecto de Traballo Fin de Máster (TFM) presentadas polo alumnado perante a Comisión de Título do Máster DAEN

	Si	Non
1. A proposta de TFM adáptase ao modelo e cumpre co requisito de presentar o título do tema en galego, castelán e inglés?		
2. A redacción do solicitude é correcta e comprensible?		
3. O tema que se propón na proposta é pertinente e ten vinculación coas materias e competencias do máster?		
4. Os obxectivos están enunciados dun xeito claro e son acadables coa realización do propio TFM.?		
5. O resumo do traballo ten a extensión esixida e especifica as preguntas e/ou hipóteses iniciais, os fundamentos teóricos e o estado da cuestión?		
6. Presenta un número suficiente (alomenos 5) e acaído de referencias en relación á temática que se propón na solicitude do TFM?		

A comisión reunirse de xeito presencial e cada membro da Comisión de Título emitirá un xuízo sobre cada proposta de TFM. A proposta será aprobada sempre que exista una maioría dos membros da Comisión que así o estime. En caso de non aprobarse o proxecto, a comisión ou membro en quen delegue emitirá un informa en base a este *Lista de Control* para remitirla ao alumnado concernido e daralle un prazo para modificar esta proposta segundo a normativa do TFM do máster DAEN.

Guía para a avaliación dos traballos fin de máster

Alumno/a: _____

Parte 1: Requisitos para a avaliación do manuscrito e da exposición oral			
	SI	NON	Non Procede / Non se comprobou
1.1. O traballo comete plaxio.			
1.2. O traballo cumpre as normas de presentación do TFM (formato, ortografía e referencia).			
1.3. O traballo cumpre as normas establecidas polo Comité de Bioética da USC.			

Parte 2: Manuscrito (7 puntos)			
	Mala's (0 puntos)	Regular (0,5 puntos)	Bo's (1 punto)
2.1. Relevancia, orixinalidade, carácter innovador e dificultade da temática elixida.			
2.2. Definición do marco teórico, actualidade e pertinencia das fontes consultadas.			
2.3. Os obxectivos e/ou preguntas de investigación ou de traballo están formulados correctamente.			
2.4. Rigor metodolóxico.			
2.5. Os resultados da análise están detallados correctamente e responden aos obxectivos/preguntas de estudo.			
2.6. Calidade da discusión (ou apartado crítico) e das conclusións do traballo.			
2.7. Posibilidade de aplicación práctica ou consecuencias teóricas e experiencias.			

Parte 3: Exposición oral (3 puntos)			
	Mala (0 puntos)	Regular (0,5 puntos)	Bo's (1 punto)
3.1. Linguaxe e capacidade de comunicación, elocuencia, rigor e precisión nos termos empregados.			
3.2. A presentación resume os puntos máis importantes do traballo e reflicta un bo uso dos recursos e tecnoloxías empregadas axustándose ao tempo permitido.			
3.3. Argumentacións e aclaracións ás preguntas e observacións formuladas polos membros do tribunal.			

Parte 4: Outras valoracións (se proceden)		Valor

Cuallificación = Parte 2 + Parte 3 + Parte 4 = _____

DIMENSIÓN 1. LA GESTIÓN DEL TÍTULO

CRITERIO 2. INFORMACIÓN Y TRANSPARENCIA:

Estándar: La institución dispone de mecanismos para comunicar de manera adecuada a todos los grupos de interés las características del programa y de los procesos que garantizan su calidad.

Analizar y valorar si la información relevante sobre el título es pública y está disponible, en tiempo y forma, para todos los agentes implicados en el mismo (estudiantes, empleadores, administraciones educativas y otros grupos de interés).

2.1.- La institución pública, para todos los grupos de interés, información objetiva, suficiente y actualizada sobre las características del título y sobre los procesos que garantizan su calidad.

Aspectos a valorar:

- Se publica información suficiente y relevante sobre las características del programa formativo, su desarrollo y los resultados alcanzados.
- La información sobre el título es objetiva, está actualizada y es coherente con el contenido de la memoria verificada del título y sus posteriores modificaciones.
- Se garantiza un fácil acceso a la información relevante del título a todos los grupos de interés.

Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:

A información sobre o título é visible na páxina web que mantén a USC para títulos de posgrao:

<https://www.usc.gal/gl/estudios/masteres/ciencias-sociais-xuridicas/master-universitario-direccion-actividades-educativas>

Tamén se atopa información na páxina web da propia Facultade de Formación do Profesorado:

https://www.usc.gal/gl/centros/ffp/master_DAEN.html

Existe tamén unha páxina en Facebook con información:

<https://www.facebook.com/master.daen/>

Por outra parte este máster ten unha comisión consultiva externa formada por 4 profesionais, dous egresados, un representante do profesorado e o coordinador, que recibe información sobre a marcha do máster e da a súa opinión sobre o desenvolvemento do prácticum e outras cuestións en relación cos contidos do plan de estudos. Por exemplo, na reunión mantida o 14 de novembro de 2018, todos os profesionais se amosaron contrarios a crear itinerarios do máster para atender aos intereses maioritarios entre os estudantes, nalgún momento máis vinculados ás escolas do bosque ou

o ámbito da educación física na natureza, e deron a súa conformidade ao actual plan de estudos, na súa riqueza formativa, que era necesaria para todos os estudantes.

Para o curso 2018-2019 tamén se editou un tríptico que foi distribuído postalmente a moitas universidades e institucións de educación ao aire libre, e tamén por vías telemáticas, fundamentalmente e-mail, O acto de inauguración e as conferencias foron anunciadas con carteis distribuídos pola Facultade.

Características dos estudantes aos que vai dirixido o curso: É un **máster** oficial especialmente deseñado para graduados ou diplomados nos distintos títulos de educación (Mestre, Educación Social, Pedagogía, Psicopedagogía), e tamén moi adecuado para licenciados/graduados en Bioloxía, Xeoloxía, Xeografía ou Ciencias da Actividade Física e Deporte, así como para outros títulos relacionados cos contornos naturais como as titulacións **agroforestais**. A pesar de que ningún título está excluído, para iniciar estes estudos, como perfil de ingreso, é recomendable ter algunha experiencia en asociacionismo xuvenil, campismo, coñecemento da natureza, deportes de montaña, excursionismo, capacidade narrativa e de descrición de paisaxes, nocións de seguridade en actividades ao aire libre, habilidades para o traballo cooperativo, optimismo, boa forma física e coñecemento de idiomas. Como tal **máster** oficial o título é válido en todos os países da Unión Europea.



Parque das Dunas de **Corrubedo**. (3 de outubro de 2017)



Contacto:
 Coordinador do curso:
 Eugenio Otero Urtaza.
 Facultade de Formación do Profesorado
 Av Ramón Ferreiros/s/n
 27002 Lugo.
 Tlf: 982 821005

e-mail: master.daen@usc.es

Información web:

http://www.usc.es/gl/centros/ffp/master_DAEN.html

Preinscrición:
Adxudicación de prazas:
Matriculación: Arredor do
Matriculación (lista de agarda): Circa
Prazo matriculación vacantes: setembro
Comezo do curso: 24 de setembro de 2018.
Remate da fase teórica: 21 de marzo de 2019.
Prácticum: 25 de marzo ao 27 de maio de 2019.
Presentación deTFMs: 27 a 29 de xuño de 2019.



Na ruta do Gallol na **Fonsagrada** (23 de febreiro de 2018)



ELPROGRESO



Facultade de Formación do

Profesorado

**Máster en Dirección de
 Actividades Educativas na
 Natureza**

Curso 2018-2019

Características do curso: É un **máster** oficial que reúne as temáticas de educación ao aire libre, educación ambiental, literatura e arte en relación coa natureza, deseño e organización de itinerarios e excursións, arquitectura rural e paisaxe, deporte, exercitando aos estudantes no desenvolvemento de capacidades para a xestión, organización e dirección de grupos e institucións en relación co medio natural.



Facendo o sendeiro do **Cares** (Picos de Europa) con estudantes da Universidade de **Cumbria** (13 de maio de 2018)

Programa	
Módulo 1	Créditos ECTS
Valores educativos da natureza e da paisaxe.	
Materia 1.1. A natureza como medio educador.	3
Materia 1.2. Ética e natureza.	3
Materia 1.3. Historia ambiental.	3
Módulo 2. Natureza e arte.	
Materia 2.1. Música e natureza.	3
Materia 2.2. As artes plásticas e a natureza.	3
Materia 2.3. Literatura e Natureza	3
Módulo 3. Os elementos do medio natural	
Materia 3.1. Ecosistema e biodiversidade.	3
Materia 3.2. Coñecemento xeográfico do medio natural.	3
Materia 3.3. Natureza, paisaxe e arquitectura rural.	3
Módulo 4. Dirección de grupos e xestión de recursos	
Materia 4.1 Dirección de grupos e resolución de conflitos.	3
Materia 4.2. Equipamentos e organización de actividades.	3
Materia 4.3. Lexislación e xestión económica.	3
Módulo 5. Actividades educativas na natureza	
Materia 5.1. Bases e recursos para o desenvolvemento da Educación Ambiental.	3
Materia 5.2. Deseño e organización de actividades motrices ao aire libre.	3
Materia 5.3. O excursionismo e a vida ao aire libre: fundamentos e modelos.	3
5.4.1. Recursos para actividades motrices para persoas con diversidade funcional.	3
5.4.2.- Recursos para actividades de Ciencias da Vida e a Terra con escolares. (Optativas, a elixir unha delas).	
5.4.3. Aprendizaxe <i>experiential</i> en contornos singulares	
Módulo 6. Prácticum e Traballo Fin de Máster	
Materia 6.1. Prácticum.	6
Materia 6.2. Traballo Fin de Máster.	6
Objetivos do programa	
a) Capacitar a educadores e profesores na alta dirección	

pedagóxica de actividades relacionadas co tempo de lecer, o aire libre e o contacto coa natureza.
 b) Amosar a estes educadores os valores das actividades na natureza e xerar actitudes positivas no traballo que desenvolven.
 c) Exercitar ao alumnado na organización, deseño e desenvolvemento de actividades educativas básicas na natureza e ao aire libre.
 d) Desenvolver calidades humanas para a dirección pedagóxica de actividades de lecer e tempo libre en contornos naturais.
 e) Aplicar o conxunto destas aprendizaxes nun proxecto posible e sustentable nun contorno real.

As clases desenvolveranse en horario de tarde entre as 16:30 e as 21:00 horas de luns a venres, con períodos de descanso. Puntualmente algunhas das actividades prácticas poderán desenvolverse noutros horarios e lugares. O máster terá sesións de traballo no Courel, Ancares e na Fonsagrada, nas reservas da biosfera da provincia de Lugo, e na costa cantábrica galega e asturiana e nos Picos de Europa, entre outros lugares de especial interese.

Número de prazas: 25
Carga crediticia do curso: 60 créditos

Características dos postos de traballo que se poden ocupar con este máster: formación superior para profesores de educación infantil, primaria e secundaria no ámbito da natureza; educadores e técnicos de asociacións de tempo libre en contornos naturais; xestores de clubs de deporte na natureza; técnicos de educación e protección ambiental en concellos e administracións educativas; directores de aulas da natureza; directores de granxas-escolas; directores de instalacións educativas en espazos protexidos; deseño de guías da natureza e itinerarios; documentación de rutas; persoas que realicen actividades educativas con maiores ou discapacitados en contornos naturais. Estudo e documentación de espazos naturais na súa dimensión educadora, con especial atención aos aspectos artísticos e literarios e de xogo ao aire libre.
 Máis información en:
<http://www.usc.es/masteres/es/masteres-ciencias-sociales-juridicas/direccion-actividades-educativas-natureza>
 Información do título:

<http://www.usc.es/gi/centros/ffp/titulacions.html?plan=14243&estudio=14244&codEstudio=11816&valor=9>

Selección e matrícula: A admisión ao máster é con límite de prazas e criterios xerais de selección. Os alumnos poden atopar información sobre o proceso de inscrición, incluíndo o formulario de matrícula no seguinte enderezo:
<http://www.usc.es/gi/perfis/estudantes/matricula/masteroficial.html>

Prezo de matrícula. O prezo da matrícula fíxao a Xunta de Galicia: é o correspondente a calquera máster oficial. A matrícula pode pagarse en dous prazos. **Reservanse tres prazos** para estudantes estranxeiros. Despois da publicación dos admitidos, abrírase un prazo ata o 30 de setembro, para que os solicitantes que non obtiveron praza se poidan matricular se houbo vacantes.
Para saber máis. Oficina de Información Universitaria: Santiago: tf881811000, oiusec@usc.es
 Lugo: tf982820000, oiulugo@usc.es

O máster ten carácter académico profesional pero é un título que facilita o acceso ao Doutoramento en Educación da USC. Cabe tamén salientar que este título ten a súa propia dinámica investigadora e que os estudantes poden integrarse en equipos xa constituídos para a realización de teses. Este máster mantén un programa de intercambio Erasmus coa *Philippis-Universität de Marburg* (Alemaña) e programas de cooperación coa Universidade de *Cumbria* (Reino Unido).



Ascendendo ao cumio do *Mustallar* (13 de marzo de 2018)

Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza: 2018-2019



Constanter in itinere
 ligitur inveniendo
 Semper naturam tuendo

Facultade de Formación do Profesorado
 24 de setembro de 2018
 Salón de Actos
 16:30. Presentación
 17:00. Conferencia pública.
 Dra. Dña. Beatriz Fernández Herrero: *Sabias, libres y en armonía con la naturaleza.*
 18.15. Reunión de coordinación. Aula 30.

¡Son aquela!
 ¡Son aquela que no bosco
 escuitaba o himno dela!
 Son aquela mañanica,
 entre orballo das rosas,
 entre area de sendeiros,
 onde atopaba a campana.
Maria Mariño




Master en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

Constanter in itinere
 ligitur inveniendo
 Semper naturam tuendo

Teecer unha conversación sobre educación e o seu vínculo coa natureza
Heike Freire

Facultade de Formación do Profesorado de Lugo
 18:00 horas. Aula 30
 21 de marzo de 2019



DIMENSIÓN 1. LA GESTIÓN DEL TÍTULO

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDAD:

Estándar: La institución dispone de un sistema interno de garantía de la calidad formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, la mejora continua de la titulación.

Analizar la implantación del Sistema de Garantía de Calidad (SGC) y valorar su contribución a la mejora continua del título.

3.1.- El SGC posee los mecanismos necesarios para recoger la información precisa, analizarla, detectar debilidades y proponer acciones de mejora, realizando un seguimiento de las mismas.

Aspectos a valorar:

- Los procedimientos que permiten recoger la información de forma continua, analizar los resultados y utilizarlos para la toma de decisiones y la mejora de la calidad del título, se han desarrollado de acuerdo a lo establecido.
- En el caso de los títulos interuniversitarios o de los títulos que se imparten en varios centros de la Universidad, las acciones llevadas a cabo como consecuencia de la implantación del SGC están coordinadas en todos los centros participantes en el programa formativo.
- Los procedimientos de evaluación y mejora de la calidad de la enseñanza y el profesorado se han desarrollado de acuerdo a lo establecido.
- El procedimiento de sugerencias y reclamaciones se ha desarrollado de acuerdo a lo establecido.

Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:

O SGC da Facultade de Formación do Profesorado foi revisado recentemente pola ACSUG. Se lle informa a Comisión Consultiva de Seguimento Externo sobre o desenvolvemento e actividades do máster, e se lle consulta sobre decisións que atinxen a pertinencia da formación e os cambios que puideran introducirse. A Comisión do máster decidiu despois do Informe de renovación da acreditación de 30 de xuño de 2016, que a metodoloxía dominante no título debería basearse no sistema de clases reversas (Flipped Classroom). Esta metodoloxía está bastante implantada no máster pero aínda así necesita dunha formación adicional por parte do profesorado para ser plenamente asumida. Os informes que proporcionan sobre os estudantes os tiores profesionais externos é unha fonte que permite coñecer o grao de adquisición de competencias na práctica e en procesos de aprendizaxe experiencial

A páxina web da Facultade que imparte o título, conta con accesos directos ao contido do Sistema de Garantía de Calidade, onde aparece reflectida toda a información relativa ao mesmo (manuais do SGC, informes de seguimento, memorias de calidade e informes de renovación da acreditación dos títulos), así como o Plan Estratégico e a Programación Plurianual 2016-2020.

No SGC distínguense dúas comisións, que asumen diferentes funcións dentro do sistema. Por unha banda, a Comisión do Título, que se encarga de analizar a información proporcionada polo Coordinador do Título e polo Responsable de Calidade do Centro, coa finalidade de levar a cabo o seguimento do título e realizar un informe sobre os resultados do mesmo, xunto coas propostas de mellora (informe anual de seguimento) e, cando sexa necesario, formular unha proposta de modificación ou suspensión do máster. O Regulamento das titulacións oficiais de Grao e Mestrado na USC, aprobado polo Consello de Goberno o 28 de xullo de 2017, establece unha nova regulamentación dos órganos académicos das titulacións de grao e mestrado (comisión de título e coordinador/a) xa en vigor no curso 2017-18, e de aplicación no actual curso.

Por outro lado, contamos coa Comisión de Calidade do Centro, que é a encargada de: realizar o deseño, a implantación, o seguimento e a mellora do SGC do centro; elaborar a Memoria de calidade do centro; propoñer o Plan de Melloras do centro para o curso seguinte, que recollerá as propostas de mellora dos títulos derivadas dos seus respectivos informes de seguimento; elaborar o informe de seguimento da implantación do SGC e as súas propostas de mellora.

Os distintos indicadores dispoñibles evidencian un adecuado desenvolvemento do sistema de garantía de calidade e a súa contribución ao seguimento e mellora continua da titulación. Así, a satisfacción do alumnado coa docencia recibida no curso 2018-19 acadou o 4,18 de valoración global, cunha participación do 58,02%. Pola súa banda, a satisfacción do profesorado coa docencia impartida indica unha valoración global de 4,47, cun nivel de participación do 43,48%. Ademais a satisfacción do PDI coa titulación é alta. En relación co apoio a docencia todos os ítems están por encima da media da USC. A media desta dimensión é 4,67, mentres que a da USC é 4,03. En aspectos académicos, a media dos ítems desta dimensión no título tamén está por encima da media da USC (4,29 fronte a 3,99). En canto a satisfacción co alumnado as dúas puntaxes son similares, 4,2 no título e 4,1 na media da USC.

Polo que se refire á valoración da xestión da calidade por parte do alumnado (canles para realizar queixas, suxestións e/ou parabéns; información pública dispoñible sobre a titulación), o indicador é de 3,50. De xeito semellante, a valoración da xestión de calidade por parte do profesorado (información dispoñible en relación coa calidade; canles para realizar queixas, suxestións e/ou parabéns; vías de participación na mellora da calidade da titulación; información pública dispoñible sobre a titulación) acadou un nivel de 3,25.

Finalmente, polo que se refire ás suxestións e reclamacións presentadas polo alumnado deste título, no curso 2018-19, cumpre manifestar que non houbo ningunha reclamación.

A Comisión de Seguimento externo permite ao máster acadar información do que como é percibida a titulación polo mundo profesional e darlle claves e indicacións que permiten optimizar procesos e contidos.

3.2.- La implantación del SGC facilita el seguimiento de los títulos, la renovación de la acreditación y garantiza la mejora continua permitiendo la introducción de modificaciones en el título.

Aspectos a valorar:

- Las acciones de análisis y revisión llevadas a cabo desde el SGC permiten introducir modificaciones para la mejora en el título.
- El seguimiento de las mejoras del título confirma que estas han sido eficaces y que se han conseguido los objetivos planteados.
- Los planes de mejora recogen las recomendaciones de los diferentes informes derivados del proceso de verificación, modificación, seguimiento y renovación de la acreditación.

Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:

As reflexións que conteñen os informes de seguimento e as memorias de calidade son as fontes que permiten propoñer melloras no título. Nalgún caso estas melloras supuxeron modificacións na memoria verificada do título, o que deu lugar ao desenvolvemento da 2ª edición a partir do curso 2015-16 (BOE do 19/12/2016 e DOG do 09/01/2017). Noutros casos, trátase de modificacións de menor entidade, das que se deixa constancia nos informes de seguimento para incorporalas á memoria cando se autorice unha modificación substancial; así se procedeu para a incorporación da materia optativa “P3281205 Aprendizaxe experiencial en contornas singulares”, que, entre outras accións, facilita a internacionalización da titulación.

O seguimento das melloras incluídas nos plans de mellora que acompañan a documentación do SGC confirman, polo menos parcialmente, a súa eficacia e o compromiso do centro co desenvolvemento de accións viábeis e relevantes para a consecución dos obxectivos formulados na memoria de verificación do título, consonte as recomendacións contidas nos informes finais da ACSUG correspondentes aos sucesivos informes de seguimento e de renovación da acreditación do título.

3.3.- El SGC implantado se revisa periódicamente para analizar su adecuación y, si procede, se establecen las mejoras oportunas.

Aspectos a valorar:

- El análisis y revisión del SGC, en el que participan todos los grupos de interés, deriva en planes de mejora (responsables, calendario de ejecución, etc.).
- Todos los grupos de interés han sido implicados en el proceso de elaboración, implantación y seguimiento de las mejoras del SGC.
- Las evidencias del SGC manifiestan la existencia de una cultura de calidad consolidada en el centro que contribuye a la mejora continua.

Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:

A nivel de título, nos distintos IAS do título incluíron Plans Anuais de Mellora (PAM), que engloban as distintas Accións de Mellora (AM) previstas para cada curso académico. Cada AM ten asignado responsables de execución, de seguimento, calendario de execución, etc.

Os IAS foron analizados, debatidos e aprobados pola Comisión de Calidade do Centro e tamén foron informados pola Xunta de Facultade, proba fiable da participación dos distintos grupos de interese.

Doutra banda, a elaboración da Memoria Anual de Calidade (MAC) implica, entre outros, a Revisión/Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGC). A MAC tamén é aprobada pola Comisión de Calidade do Centro e pola Xunta de Facultade. As últimas MAC dos cursos 2016-2017 e 2017-18 están publicadas na páxina web do Centro, no apartado de Calidade.

A implantación do SGC posibilita o desenvolvemento do traballo no centro nun contexto de ciclo de mellora continua. Desde esta perspectiva, o SGC revisase periodicamente para proceder ao seu actualización e avance. Neste proceso participan os representantes dos distintos grupos de interese, que teñen a oportunidade de realizar as súas contribucións e suxestións. De feito, pode afirmarse que a cultura de calidade vaise interiorizando a un ritmo razoable por parte de todos os axentes implicados.

Neste sentido, fai falta deixar constancia de que no ano 2018, aprobouse unha modificación do SGC marco da USC, coa finalidade de conseguir unha simplificación que redunde nunha maior operatividade. O novo SGC contempla un manual do sistema para o centro, onde se desenvolve o alcance, a estrutura para o seu desenvolvemento e os detalles do seu funcionamento, de xeito semellante aos actuais manuais simplificados. Pola súa banda, o novo Manual de Procesos inclúe 2 procesos estratéxicos, 5 procesos crave e 6 procesos de soporte.

O centro adaptou o SGC marco da USC ás características específicas do centro en setembro do 2018. Toda a documentación que conforma o SGC da Facultade de Formación do Profesorado atópase na páxina web do centro na sección de calidade.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: El personal académico y de apoyo es suficiente y adecuado de acuerdo con las características del título y el número de estudiantes.

Analizar y valorar la adecuación del personal académico y de apoyo que participa en el título objeto de evaluación.

4.1.- Personal académico. El título cuenta con profesorado suficiente y su cualificación es la adecuada, teniendo en cuenta las características del plan de estudios, las modalidades de impartición y las competencias que deben alcanzarlos estudiantes.

Aspectos a valorar:

- El profesorado que participa en el título cuenta con el nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exigido para la impartición del mismo y es acorde con las previsiones que se incluyeron en la memoria verificada. Se revisará especialmente el perfil del personal académico asignado a primer curso de títulos de Grado, a prácticas externas y asociado a Trabajo Fin de Grado o Trabajo Fin de Máster.
- El profesorado es suficiente para desarrollar las funciones y atender a todos los estudiantes.
- La institución ofrece oportunidades al profesorado para actualizarse y continuar con su formación con el objetivo de mejorar la actividad docente.
- Participación del profesorado en programas de movilidad.
- En su caso, la Universidad ha hecho efectivos los compromisos incluidos en la memoria de verificación del título relativos a la contratación y mejora de la cualificación docente e investigadora del profesorado.

Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:

O profesorado que participa do título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) esixido para a impartición do mesmo e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada e pertence na súa totalidade a USC.

Un avance moi conspicuo na calidade do profesorado que imparte a titulación pode observarse na progresión dos docentes que acadan sexenios:

	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
Porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total	37,04	31,82	44,44	69,23	71,43	78,57	84,62

O profesorado é suficiente e cumpre coas condicións establecidas na Memoria de verificación e o perfil dun título específico de carácter académico profesional. En total, e conforme a información disponible para o curso 2018-2019, o profesorado acumula 27 sexenios de investigación entre catedráticos, profesores titulares e contratados doutores. Asemade a suma de quinquenios de docencia, amosa que antigüedad media do profesor na universidade é cando menos de 11 anos, xa que os profesores con máis de 30 anos de servizo non acumulan máis quinquenios. A relación entre profesor é estudante é óptima: 1,08 estudante por profesor. Certamente non todo o profesorado pode participar coa mesma intensidade. O 32% participa desde unha posición precaria como contratados interinos ou asociados, e os profesores axudantes cun 8% tampouco disfrutaban de estabilidade laboral, aínda que levan tempo acreditados para contratados doutores. No ano 2020 esta situación está levemente modificada por canto un dos profesores non doutores defendeu a súa tese de doutoramento e un profesor axudante doutor e unha profesora contratada interina están sendo promovidos a contratados doutores. Conforme os datos ofrecidos pola Área de Calidade e mellora dos Procedementos da USC a distribución é a seguinte:

Categorías	Número	%	Horas
Catedrático/a de Universidade	2	8,70%	13,13%
Profesor: Titular de Universidade	5	21,74%	17,95%
Profesor: Contratado Doutor	6	26,09%	17,13%
Profesor: Axudante Doutor LOU	2	8,70%	4,51%
Profesor: Contratado Interino	4	17,39%	27,79%
Profesor: Asociado de Universidade LOU	4	17,39%	19,49%

No curso 2018-2019 o máster tivo 23 docentes dos que 18 eran doutores (78,2%) e 7 funcionarios (Titulares e Catedráticos de Universidade). Ademais houbo 6 contratados doutores, 2 axudantes doutores, 4 profesores contratados interinos, e 4 asociados. A proporción entre sexos é de 26% mulleres e 74% homes. Sen contar a docencia propia do prácticum e do TFM, e os seus elementos de coordinación e titoría, o resto da docencia (48 créditos) ten a seguinte distribución:

	Doutores	Non doutores	Σ
Docencia obrigatoria	35,65 créditos 79,22%	9,35 créditos 20,77%	45
Docencia optativa	2 créditos 22,22%	7 créditos 77,78%	3
Docencia recibida polos estudantes	35,65+0,66 36,31 créditos 75,65%	9,35+2,34 11,69 créditos 24,35%	48

Cinco dos vinte e tres profesores eran non doutores no curso 2018-2019, dentro das categorías de asociados e contratados interinos. En conxunto impartiron 65,5 horas de docencia básica e 49 horas de materias optativas. Porén a docencia total do máster, contando o prácticum e TFM, da unha distribución máis aproximada á memoria do título, xa que ambas materias estiveron coordinadas por profesorado doutor:

	Doutores	Non doutores	Σ
Carga total crediticia	48,31 créditos 80,52%	11,69 créditos 19,48	60

A distribución das materias en relación ao profesorado e áreas de coñecemento foi a seguinte:

Docencia conforme ás áreas de coñecemento

	Categ.	Materia	Área	D/ND
1	CIV	P3281204	Didac CC. Experimentais	ND
2	CIS	P3281110/P3281114/P3281115	Didac. da Expresión Corporal	ND
3	CIV	P3281V02	Didac CC. Experimentais	D
4	CD	P3281105	Didac. Expresión Plástica	D
5	CD	P3281103	Historia Contemporánea	D
6	Asoc	P3281104	Didac Expresión Musical	ND
7	CIV	P3281105	Didac. Expresión Plástica	ND
8	Asoc	/P3281113/P3281114/P3281203	Didac. da Expresión Corporal	ND
9	TU	P3281106	Zooloxía	D
10	CD	P3281111	Economía Financeira	D
11	TU	P3281102	Filosofía Moral	D
12	CD	P3281117	Didac. da Ling. e da Literatura	D
13	Asoc	P3281109	Teoría e Hª da Educación	D
14	AD	P3281113/ 3281114/ P3281203	Didac. da Expresión Corporal	D
15	Asoc	P3281117	Didac. da Ling. e da Literatura	D
16	CD	P3281108	Historia da Arte	D
17	TU	P3281107/ P3281V02	Edafoloxía e Química Agrícola	D
18	AD	P3281113/ 3281114/ P3281203	Didac. da Expresión Corporal	D
19	TU	P3281108	Enxeñería Agroforestal	D
20	CU	P3281101/P3281110/P3281V02	Teoría e Hª da Educación	D
21	TU	P3281108/ P3281106	Botánica	D
22	CD	P3281106	Producción Vexetal	D
23	CU	P3281107	Didac. Ciencias Sociais	D

A participación do profesorado en programas de mobilidade é escasa. Porén é o título da Facultade que proporcionalmente participa máis en programas de mobilidade no curso 2018-2019 (4,35%).

4.2.- Personal de apoio (personal de administración y servicios, técnicos de apoio a la docencia, etc.). El título cuenta con personal de apoio suficiente y su cualificación es la adecuada, teniendo en cuenta las características del plan de estudios.

Aspectos a valorar:

El personal de apoio es suficiente para desarrollar las funciones y atender a todo el personal docente y estudiantes.

El personal de apoio que participa en el título cuenta con el nivel de cualificación exigido y es acorde con las previsiones que se incluyeron en la memoria verificada.

En su caso, la Universidad ha hecho efectivos los compromisos incluidos en la memoria de verificación del título relativos a la contratación y mejora del personal de apoio.

La institución ofrece oportunidades al personal de apoio para actualizarse y continuar con su formación con el objetivo de mejorar su labor de apoio al proceso de enseñanza-aprendizaje.

Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:

O persoal de apoio da Facultade está formado por 11 persoas (non 12 como sinala o informe de PAS do curso 2018-2019), membros do Persoal de Administración e Servizos (PAS), das cales 4 pertencen á área de administración, 3 á área de conserxería e 4 a de biblioteca. Este persoal dá soporte aos preto de 900 estudantes das titulacións que se imparten na Facultade.

E-16 Información sobre o persoal de apoio - Facultade de Formación do Profesorado . Curso 2018/2019

Número	Unidade	Escala/Categoría	Denominación posto	Antigüidade (no posto e escala)
1	BIBLIOTECA FAC. FORMACIÓN DO PROFESORADO	E. auxiliar arquivos, bibliot. e museos	AUXILIAR ARQUIVO, BIBLIOTECA E MUSEO	12 ano(s), 2 mes(es) e 15 día(s)
2	BIBLIOTECA FAC. FORMACIÓN DO PROFESORADO	E. auxiliar arquivos, bibliot. e museos	AUXILIAR ARQUIVO, BIBLIOTECA E MUSEO	12 ano(s), 2 mes(es) e 15 día(s)
3	BIBLIOTECA FAC. FORMACIÓN DO PROFESORADO	E. auxiliar arquivos, bibliot. e museos	AUXILIAR ARQUIVO, BIBLIOTECA E MUSEO	13 ano(s), 9 mes(es) e 15 día(s)
4	BIBLIOTECA FAC. FORMACIÓN DO PROFESORADO	E. axud. arqu. bib. museo-sec. biblio.	DIRECCION BIBLIOTECA CENTRO	6 ano(s), 2 mes(es) e 6 día(s)
5	CONSERXERÍA FAC. FORMA. PROFESORADO	Oficial de servizos	CONSERXE	10 ano(s), 7 mes(es) e 28 día(s)
6	CONSERXERÍA FAC. FORMA. PROFESORADO	Oficial de servizos	OFICIAL DE SERVICIOS	2 ano(s), 5 mes(es) e 5 día(s)
7	CONSERXERÍA FAC. FORMA. PROFESORADO	Oficial de servizos	OFICIAL DE SERVICIOS	8 ano(s), 7 mes(es) e 29 día(s)
8	CONSERXERÍA FAC. FORMA. PROFESORADO	Oficial de servizos	OFICIAL DE SERVICIOS	0 ano(s), 1 mes(es) e 25 día(s)
9	SECRET. DECANATO FAC. FORMA. PROFES.	E. Administrativa-Administración	SECRETARIA DE DECANATO	1 ano(s), 3 mes(es) e 5 día(s)
10	UNI. XEST. CENTRO DEP. FAC. FORM. PRO	E. Administrativa-Administración	POSTO BASE	17 ano(s), 2 mes(es) e 7 día(s)
11	UNI. XEST. CENTRO DEP. FAC. FORM. PRO	E. de xestión-administración	RESPONSABLE UNIDADE	12 ano(s), 6 mes(es) e 4 día(s)
12	UNIDADE AA. EE. FAC. DE FORM. PROFESO.	E. Administrativa-Administración	RESPONSABLE ASUNTOS ECONOMICOS	14 ano(s), 5 mes(es) e 0 día(s)

Fonte: Base de datos de persoal da USC proporcionada pola Área de Tecnoloxías da Información e Comunicación (ATIC) actualizada a 1 de xullo de 2019

O erro posiblemente se produce porque houbo unha substitución por enfermidade dun dos oficiais de servizo durante unha parte do curso. Todo o persoal conta coa cualificación adecuada para desenvolver as tarefas relacionadas coa titulación.

O persoal de apoio é suficiente nas áreas de biblioteca e administración, porén, sería desexable incrementar nunha persoa o cadro de persoal da área de conserxería na quenda de tarde para poder ofrecer unhas condicións óptimas de apoio á docencia. Nesta quenda traballa unha única persoa para dar servizo a todas as titulacións (todas elas programan actividades docentes en horario de tarde), e a outras actividades que se desenvolven na Facultade (clases de cuarto ciclo, cursos programados pola universidade, conferencias públicas e actividades externas, etc.).

A participación do PAS nos plans de formación da USC aumentou considerablemente con respecto aos cursos anteriores, pasando dun 41,67% no curso 2016-17 ao 66,67% durante o curso 2018-19. O PAS da Facultade de Formación do Profesorado amosa una gran satisfacción co servizo con valores nos ítems superiores a 4, e sempre superiores a media da USC, agás o ítem 1 de espazos e recursos: "Os espazos destinados ao desenvolvemento e á coordinación das funcións do PAS son axeitados", no que dan un valor de 3, mentres a media da USC, é de 3,71.

Porcentaxe de PAS que realizou algún curso					
2013/2014	2014/2015	2015/2016	2016/2017	2017/2018	2018/2019
41,70%	53,80%	46,20%	41,67%	64,00%	66,67%

A satisfacción global do PAS co traballo desenvolvido é de 4 sobre 5, igual que no anterior curso e lixeiramente superior á media da USC (3,78) que baixou unha décima con respecto ao curso anterior que era de 3,88. A participación neste curso refírese a un universo de 7 persoas, o que obviamente está equivocado xa que o conxunto de PAS da Facultade o compoñen 11 membros. Houbo dous cuestionarios respondidos, o dobre que o pasado curso. Non está claro se a enquisa se remitiu ao total do persoal, xa que se estima o universo en 7 persoas, cando en realidade son 11. Por iso, aínda que todos os apartados ofrecen unha valoración moi alta, non se poden considerar datos significativos.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIALES Y SERVICIOS:

Estándar: Los recursos materiales y servicios puestos a disposición del desarrollo del título son los adecuados en función de la naturaleza, modalidad del título, número de estudiantes matriculados y competencias a adquirir por los mismos.

Analizar y valorar si los recursos materiales y servicios puestos a disposición de los estudiantes son los adecuados a las necesidades del título.

5.1.- Los recursos materiales, infraestructuras y servicios puestos a disposición de los estudiantes y el profesorado son suficientes y adecuados a las características del plan de estudios, las modalidades de impartición y las competencias que deben alcanzar los estudiantes.

Aspectos a valorar:

- Las infraestructuras destinadas al proceso formativo son las adecuadas en función de la naturaleza y modalidad del título. Se prestará especial atención a la disponibilidad de aulas, salas de estudios, aulas de informática y recursos informáticos, laboratorios, salas de reuniones, biblioteca, ...

- Los recursos materiales, puestos a disposición de los estudiantes, son los adecuados en función de la naturaleza y modalidad del título y las competencias a adquirir por los mismos y éstos coinciden con las previsiones que se incluyeron en la memoria de verificación. Se prestará especial atención a la disponibilidad de equipamiento y material científico, técnico, asistencias y artístico, (dependiendo de la tipología de enseñanza), ...
- Aplicación de las normativas de accesibilidad universal y diseño para todos, seguridad, salud y medio ambiente y conocimiento de las mismas por los agentes implicados.
- Los fondos bibliográficos, recursos documentales, ... son suficientes y están actualizados.
- En su caso, la Universidad ha hecho efectivos los compromisos incluidos en la memoria de verificación del título relativos a la creación, puesta en marcha o utilización de nuevas infraestructuras o servicios externos a la Universidad.
- Los servicios de orientación académica (selección de asignaturas, problemas de aprendizaje, necesidades especiales, alojamiento, ...) y orientación profesional puestos a disposición de los estudiantes son apropiados para dirigirlos y orientarlos en estos temas.
- Los servicios de atención al estudiante (documentación, informes de calificaciones, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de convalidaciones o de traslado, ...) puestos a su disposición son apropiados para dirigirlos y orientarlos en estos temas.
- Los programas de acogida y apoyo al estudiante le orientan en el funcionamiento de la institución.
- Teniendo en cuenta las diferentes modalidades de impartición del título, se analiza y revisa el grado de adecuación, para la consecución de las competencias por parte de los estudiantes, de las infraestructuras tecnológicas y servicios tanto en el centro responsable del título como, en su caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- En el caso de que el título contemple la realización de prácticas externas, las instalaciones donde se realizan son adecuadas para la adquisición de las competencias.

Reflexión/comentarios que justifiquen la valoración:

As infraestruturas internas son apropiadas para impartición da docencia do máster, que se desenvolve Facultade de Formación do Profesorado de Lugo. Na aula 30 de maneira ordinaria(cun mobiliario que permite diversas formas de organización da docencia),aínda que tamén nas aulas de plástica, música e laboratorio de ciencias experimentais, e con uso excepcional do salón de actos e a sala de graos. O centro ten abundantes puntos de reunión e traballo para estudantes, aula de informática, acceso a redes telemáticas e biblioteca dotada con bibliografía específica aos intereses do título como non existe noutro punto de Galicia, como os mesmos estudantes recoñecen.

Como equipamento específico para o máster se conta con material de montaña que permite poñer exemplos sobre o equipamento persoal e prácticas ao aire libre (material de escalada e tendas de campaña fundamentalmente), así como ferramentas para a plantación de árbores e uso do horto de balcón que existe na Facultade.

A Facultade e o resto das instalacións que usa o máster como a Estación Científica de Seoane do Courel están adaptadas a accesibilidade universal, ben sinalizadas, e no caso da Facultade de Formación do Profesorado, cun plan de evacuación que foi xa ensaiado en varias ocasións. Ademais os estudantes deste máster reciben formación específica básica en primeiros auxilios.

O máster ten a metade das súas actividades ao aire libre en espazos exteriores á Facultade de Formación do Profesorado é precisa dun gasto importante de autobuses para o desprazamento e realización de actividades. No curso 2018-2019, realizou saídas ao Parque Natural das Dunas de Corrubedo e Castro de Baroña, Cebreiro e Seoane do Courel coas rutas a Mercurín e a Devesa de Rogueira, e Mazo de Santa Comba. Estudou diversos lugares da colonización da Terra Chá, Camiño do Miño e Penas de Rodas, A Pontenova, Pedregal de Irimia e Mondoñedo, Parque eólico de Sotavento, Santa Olalla de Bovéda, Ruta das Chousas e Castelo de Narla, Rasa Cantábrica, Fornos de A Pontenova e Lago Meirama, A Fonsagrada coas rutas de Forno do Bolo, Liñares de Bidul e Seimeira de Vilagocence, Granxa Escola de Barreiros en Sarria, Ribeira Sacra e ruta dos viñedos de Belesar, con posterior visita a Monforte e ao Pazo de Tor, Piornedo e ascenso ao Mustallar e Camiño Primitivo de Santiago desde o Alto do Acebo ata Melide, así como a visita aos *Bufones de Pría* e a praia de *Cuevas del Mar* en Asturias e a expedición a San Pelayo (Potes) para participar no encontro cos estudantes da Universidade de Cumbria (Reino Unido) e entre outras excursións facer o sendeiro do Cares, e Puertos de Áliva. Todas estas excursións puideron ser financiadas, ben coas axudas a prácticas de campo da USC, ben co "plan de choque" do convenio que mantén a Deputación Provincial de Lugo coa USC. Nos casos de Seoane do Courel, A Fonsagrada, Camiño Primitivo e Potes as excursións eran con pernocta de máis dun día. En Seoane do Courel por primeira vez os estudantes se

aloxaron na propia Estación Científica. Na Fonsagrada o Concello cedeu as instalacións da antiga escola-fogar e financiou os desprazamentos internos, pero no caso do Camiño Primitivo e Potes houbo que financiar a hospedaxe con fondos do “plan de choque” da Deputación. Sobre as actividades do máster en Potes pode consultarse <https://www.youtube.com/watch?v=g5h-9qJEoEA>

Toda esta actividade se fai conforme coas previsións da Memoria de Renovación da Acreditación de 2016 na que o máster se comprometeu a facer a metade das súas actividades ao aire libre, que ademais destas saídas fai paseos didácticos polas contornas periurbanas, en especial polo camiños do Río Miño e Rato, no que se visitou a aldea de Bosende e o Centro de Interpretación da Reserva da Biosfera Terras do Miño, así como outros lugares da contorna periurbana.

Lugar da excursión	Data	Materias implicadas
Parque Natural de Corrubedo	02/10/2018	Ecosistema e biodiversidade Coñec. xeográfico do medio natural Natureza, paisaxe e arquitectura rural
O Cebreiro, Caurel, Devesa de Rogueira e outras rutas, Mazo de Santa Comba	22-24/10/2018	Ecosistema e biodiversidade Natureza, paisaxe e arquitectura rural
Rasa Cantábrica e Lagoa de As Pontes	30/10/2018	Coñec. xeográfico do medio natural
Parque do Rato e arredores	06/11/2018	A natureza como medio educador
Camiño do Miño e Penas de Rodas	10/11/2018	A natureza como medio educador
Parque eólico de Sotavento	13/11/2018	Bases e recursos para o desenv. da Educ Ambiental
Estudio da Terra Chá	17/11/2018	Historia Ambiental
Contorna de Meira e Pedregal de Irimia	24/11/2018	Música e natureza
Quercus Sonora. Palas de Rei	04/12/2018	As artes plásticas e a natureza
Percorrido literario pola cidade de Lugo	10/12/2018	Natureza e Literatura
Nenea, Santa Olalla de Bóveda; rutas das Chousas e Castelo de Friol	11/12/2018	A natureza como medio educador
Granxa Escola Barreiros	13/02/2019	Recursos para actividades motrices para persoas con diversidade funcional Recursos para actividades de Ciencias da Vida e a Terra con escolares
A Fonsagrada. Visita ao Museo Etnográfico, Ruta do Forno do Bolo, visita a A Fornaza, ruta Liñares de Bidul a Ponte e aldea de Vilabol, seimeira de Vilagocende	21-23/02/2019	Equipamentos e organiz de actividades Dirección de grupos e resolución de conflitos
Ruta de Viñedos de Belesar/Monforte de Lemos e Pazo de Tor	26/02/2019	Equipamentos e organiz de actividades Dirección de grupos e resolución de conflitos
Camiño Primitivo na provincia de Lugo (desde o Alto do Acebo ata Melide)	8-12/03/2019	Deseño e organización de actividades motrices ao aire libre O excursionismo e a vida ao aire libre: fundamentos e modelos Equipamentos e organización de actividades
Ascenso ao Mustallar	19/03/2019	Equipamentos e organización de actividades
Celebración do día da Árbore	21/03/2019	Dirección de grupos e resolución de conflitos
Expedición aos Picos de Europa	10-14/05/2019	Aprendizaxe experiencial en contornas singulares

Os estudantes do máster dispoñen dunha bibliografía específica e actualizada, única en Galicia sobre educación ao aire libre de ampla utilidade na súa formación. Algúns dos traballos dos estudantes foron presentados en reunións científicas e publicados en revistas especializadas. Recentemente, en *Sarmiento. Revista Galego-*

Portuguesa de Historia da Educación, se publicaron tres artigos de estudantes do máster en colaboración cos seus titores de TFM (<https://dialnet.unirioja.es/ejemplar/524451>). Algúns dos libros específicos adquiridos pola Biblioteca da Facultade en relación co máster:

- Abbey, Edward. *Desert solitaire: a season in the wilderness*. New York: Simon & Schuster, 1990.
- Beames, S Higgins, P. and Nicol, R.: *Learning outside the classroom: theory and guidelines for practice*. London: Routledge, 2012.
- Becker, P./Schipr, J. (Eds.): *Other Ways of Learning. The European Institute for Outdoor Education and Experimental Learning 1996-2006*. Marburg: BSI Marburg, 2008, 375 págs.
- Becker, P./Schipr, J./Weber, C. (Eds.): *Water – Space for Experiences. Youth and Outdoor Education in Europe*. Marburg : BSI Marburg, 2010, 170 págs.
- Becker, P./Humberstone, B./Loynes, C., Schirp, J.: *The Changing World of Outdoor Learning in Europe*. London and New York: Routledge, 2018, 283 págs.
- Bickel, Kirsten: *Der Waldkindergarten: Konzept-Pädagogische Anliegen-Begleitumstände-Praxisbeispiel Wyk auf Föhr*. [Wyk auf Föhr]: NordenMedia, 2001.
- Clifford, Chadwick H.: *Wilderness rhythms: Playing music to enhance the nature experience*, Fort Street, Victoria [Canadá]: Friesen Press, 2012.
- Cornell, Joseph: *Sharing nature with children: the classic parent's & teachers nature awareness guidebook*. Nevada City, Dawn Publications, 2010.
- Constable, Karen: *The outdoor classroom in practice, ages 3-7 : a month-by-month guide to forest school provision*. London & New York: Routledge, 2015
- Delibes, M. y Delibes de Castro, M.: *La Tierra herida: ¿Qué mundo heredarán nuestros hijos?*. Barcelona: Destino, 2010
- Doménech Ferri, J.: *Caminar por la montaña*. Alcoy [Alicante]: J. Doménech, 2002.
- Dubois, PH. (ed.): *El campo: ecoguía para descubrir la naturaleza*. Madrid: H. Blume, 2002.
- Ekins, Paul: *The Gaia atlas of green economics*. New York: Anchor Books, 1992.
- EOE (Ed.). *Other Ways of Learning. Outdoor Adventure Education and Experiential Learning in School and Youth Work*, conference proceedings, 111p, Rimforsal/Sweden 2000.
- García Fernández, P.: *Introducción a las actividades en la naturaleza*. Sevilla: Wanceulen, 2005.
- Garrido, E.: *Cajal y la naturaleza*. Madrid: Desnivel, 2015.
- Gilbertson, Ken et al.: *Outdoor education: methods and strategies*. Champaign [Illinois, Estados Unidos] : Human Kinetics, cop. 2006
- Goldenberg, M. y Martin, B. (ed.): *Hiking and Backpacking (Outdoor adventures)*, Champaign, Illinois [Estados Unidos]: Wilderness Education Association, Human Kinetics, 2008.
- Higgins, P./Humberstone, B (Eds.): *Celebrating Diversity. Learning by Sharing Cultural Differences*, conference proceedings, 79 p., Edinburgh 1998.
- Hobbs, M.F. y Gair, Nicholas P.: *Outdoor education: Theory and Practice*, London ; Washington: Cassell, 1997.
- Humberstone, B.; Prince, H. and Henderson, Karla A.: *Routledge international handbook of outdoor studies*. London: Routledge, 2016
- Jeffs, T. y Ord. J. (2018). *Rethinking Outdoor, Experiential and Informal Education*, London/New York: Routledge.
- Kenny, Erin K.: *Forest Kindergartens: the cedarsong way*. Vashon, Washington: Cedarsong Nature School, cop. 2013
- Knight, S.: *Forest school and outdoor learning in the early years*. London [etc.] : SAGE Publications, 2013.
- Knight, S.: *Forest school for all*. London: SAGE, 2011
- Louv, R.: *Last child in the woods: saving our children from nature-deficit disorder*. London: Atlantic, 2010.
- Louv, R.: *The nature principle: human restoration and the end of nature-deficit disorder*. Chapel Hill, N.C.: Algonquin Books of Chapel Hill, 2011.
- Louv, R.: *Volver a la naturaleza: el valor del mundo natural para recuperar la salud individual y comunitaria*. Barcelona: RBA, 2012.
- Martínez de Pisón, E.: *El sentimiento de la montaña*. Madrid: Desnivel, 2010.
- Martínez de Pisón, E.: *La montaña y el arte. Miradas desde la pintura, la música y la literatura*. Madrid: Fórcola, 2017.
- Miklitz, I.: *Der Waldkindergarten: dimensionen eines pädagogischen Ansatzes*. Berlín: Cornelsen, 2011.
- Muir, John: *Wilderness essays*. Layton, Utah: Gibbs Smith, 2011.
- Nasarre, J.M.: *Senderismo. 100 hitos normativos y para pensar*. Madrid: Desnivel, 2016.
- Perkins, Dennis N.T.: *Lecciones de liderazgo. Las 10 estrategias de Shackleton en su gran expedición antártica*. Madrid: Desnivel, 2014
- Rachel Carson *The sea around us*. Oxford & New York: Oxford University Press, 2003.
- Rachel Carson *The sense of wonder*. New York: Harper Collins Publishers, 1998.
- Reinoso Fernández-Caparrós, M. (2009). *Outdoor training y la educación en valores*. Sevilla: Wanceulen, 2009.
